XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS
Dirección Xeral de Saúde Pública

GUÍAS DE SAÚDE PÚBLICA

SERIE II: Sección INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO: Informe 1

INTERRUPCIÓNS VOLUNTARIAS DO EMBARAZO (IVEs) EN GALICIA 1986-1996

(Data de edición: Xullo 1998)

ÍNDICE

- INTRODUCCIÓN
- MATERIAL E MÉTODO
- RESULTADOS
- ANEXO

INTRODUCCIÓN

Coa Lei orgánica 9/1985, do 5 de xullo de reforma do artigo 417 bis do Código penal, despenalízase o aborto en España nos supostos seguintes: perigo para a saúde física ou mental da embarazada, se o embarazo foi consecuencia dunha violación (face-lo aborto antes das 12 semanas), ou se o feto vai nacer con graves trastornos (neste suposto antes das 22 semanas).

Con posterioridade publícanse algunhas ordes e reais decretos nos que se detallan outras condicións que se teñan en conta no caso dunha IVE, así:

- Orde do 31 de xullo do 1985 na que se recollen os mínimos que deben cumpri-los centros sanitarios que leven a cabo as interrupcións dos embarazos
- Orde do 16 de xuño do 1986 na que se dispoñen as condicións para poder levar a cabo a información epidemiolóxica e maila explotación estatística dos datos obtidos.
- Real decreto 2409/1986, do 21 de novembro, no que se modifican e amplían as condicións dos centros acreditados recollidas na Orde do 31 de xullo do 85, derrogándose esta Orde, así como os puntos da Orde do 16 de xuño que se opoñan ós artigos 7º, 8º e 9º do citado real decreto.

O obxectivo deste informe é describi-la evolución dos IVEs rexistrados e realizados en mulleres residentes en Galicia no período comprendido entre a entrada en vigor da Lei 9/85 ata 1996, relacionándoo cos nados vivos.

MATERIAL E MÉTODO

Os datos sobre abortos obtivéronse do Rexistro de Interrupcións Voluntarias do Embarazo de Galicia no referente ás intervencións efectuadas en clínicas galegas e mulleres residentes en Galicia. Respecto ós IVEs correspondentes a mulleres residentes en Galicia e que realizaron o aborto nun centro situado fóra da

Comunidade Autónoma, obtívose a información do Rexistro Nacional de Interrupcións Voluntarias de Embarazo.

A tendencia da serie temporal de razóns de taxas de abortividade e natalidade, globalmente e por grupos de idade, analizouse mediante un modelo autorregresivo, validado en cada grupo de idade, obténdose as taxas acumulativas de crecemento anual.

Como denominadores poboacionais utilizáronse as proxeccións de poboacións proporcionadas polo IGE (anexo 1).

RESULTADOS

1.- Descrición das IVEs

Entre 1986 e 1996 realizáronse un total de 17.154 IVEs en mulleres residentes en Galicia, xa se fixera a interrupción no noso país ou noutras comunidades autónomas. A evolución do número de IVEs móstrase na táboa 1 e na gráfica 1, segundo o ano e o lugar da intervención, que no 53,6% dos casos foi Galicia e no 46,4% outra comunidade autónoma.

Pódese ve-la evolución dos datos da táboa anterior máis claramente no gráfico 1. O número de interrupcións foi aumentando ó longo destes anos, sobre todo as realizadas en Galicia. A partir do ano 93, que é o primeiro en que se invirte a proporción que viña ocorrendo ata entón, son maioría os abortos legais levados a cabo na nosa Comunidade.

TÁBOA 1.- IVEs realizadas en mulleres residentes en Galicia.

IVEs NOTIFICADAS			
Ano	**Total**	**Realizadas en Galicia**	**Realizadas fóra de Galicia**
1986	4	4	Nc
1987	450	1	449
1988	824	1	823
1989	1040	320	720
1990	1391	687	704
1991	1930	611	1319
1992	2231	525	1706
1993	2011	1483	528
1994	2311	1804	507
1995	2414	1880	534
1996	2548	1885	663
Total	***17154***	***9201***	***7953***

GRÁFICO 1.- Evolución das IVEs en Galicia.



Idade.- O grupo de idade no que máis frecuentemente se leva a cabo un aborto legal é o de 20-24 anos que supón o 19,46% (3.339 interrupcións) de tódolos realizados nestes anos, seguido do grupo de 25-29 anos co 17,28% (2.965). Subliñar que as mulleres entre os 15 e 19 anos supoñen o 10,79% do total.

O gráfico 2 mostra a evolución dos IVEs por grupo de idade. Pódese observar que o grupo con máis IVEs a partir de 1990 é o de 20-24 anos. Coa excepción dos grupos de maiores de 40 anos e menores de 15, o número de IVEs increméntase co transcurso dos anos.

GRÁFICO 2.- Evolución das IVEs segundo a idade.



TÁBOA 2.- IVEs segundo a idade.

Ano	< 15	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	>44	Total
1986	1	-	3	-	-	-	-	-	**4**
1987	1	60	119	107	75	53	32	3	**450**
1988	3	104	234	169	149	107	51	7	**824**
1989	2	128	211	257	179	150	96	17	**1040**
1990	1	135	265	229	282	279	177	23	**1391**
1991	3	229	450	395	349	306	174	24	**1930**
1992	5	315	489	423	415	347	208	29	**2231**
1993	3	270	451	404	355	304	201	23	**2011**
1994	4	303	533	461	419	375	196	20	**2311**
1995	7	308	584	520	417	366	197	15	**2414**
1996	3	364	593	496	454	414	200	24	**2548**
Total	***30***	***1852***	***3339***	***2965***	***2640***	***2287***	***1332***	***161***	***17154***

Estado civil.- Ó longo deste período non se observan grandes cambios en relación coa distribución do estado civil das mulleres que se someten a unha IVE. En global o 49,33% foron realizados en casadas, o 42,62% en solteiras e o resto noutros grupos (táboa 3).

Convivencia en parella.- En relación a que se a muller á que se lle practica un aborto legal vive ou non en parella, só se dispón información desde 1993. Así, do total de mulleres das que se teñen datos (9.284) , o 53,4% vivían en parella, o 44,8% non, e no resto non consta o dato.

Nivel de instrucción.- Nos once anos da serie, as mulleres con nivel de estudios de segundo grao constituíron o grupo máis frecuente (11.668 IVEs) que supón o 68% de tódalas intervencións realizadas en mulleres residentes en Galicia. Dentro deste grupo , o máis frecuente foi o 2º ciclo (BUP, COU…) pero só desde 1992. Con anterioridade como se pode observar na gráfica 3, no ano 90 e no 91 foron as de segundo grao 1º ciclo (8º E.X.B. incluída), e nos tres anos anteriores as mulleres con estudios de primeiro grao (5º E.X.B. incluída) (táboa 4).

TÁBOA 3.- IVEs segundo o estado civil das mulleres.-

	Solteira	Casada	Viúva	Divorciada	Separada	Non consta	Total
1986	3	0	0	0	0	1	**4**
1987	216	188	6	31	0	9	**450**
1988	347	395	12	48	0	22	**824**
1989	393	572	7	52	0	16	**1040**
1990	429	885	13	12	46	6	**1391**
1991	769	1028	21	19	86	7	**1930**
1992	944	1102	32	39	113	1	**2231**
1993	841	998	30	34	98	10	**2011**
1994	1019	1098	25	27	122	20	**2311**
1995	1118	1087	21	63	120	5	**2414**
1996	1233	1110	36	50	117	2	**2548**
Total	***7312***	***8463***	***203***	***375***	***702***	***99***	***17154***

TÁBOA 4.- IVEs segundo o nivel de estudios das mulleres.-

	analf.	Sen estudios	1º grao	2ºgra-1º	2º gra-2º	3ºgrao escola	3ºgrao facultade	Non clasif.	Non consta	Total
1986		1		3						**4**
1987	11	72	140	112	103	2	0	0	10	**450**
1988	5	99	324	232	136	5	0	0	23	**824**
1989	16	110	438	305	153	7	0	0	11	**1040**
1990	6	31	228	501	384	151	77	8	5	**1391**
1991	4	36	349	709	522	202	83	14	11	**1930**
1992	5	34	366	601	957	177	76	6	9	**2231**
1993	5	37	265	693	733	188	78	4	8	**2011**
1994	3	30	167	699	1116	187	62	3	44	**2311**
1995	5	22	239	702	1096	245	80	9	16	**2414**
1996	3	26	240	734	1177	234	127	6	1	**2548**
Total	***63***	***498***	***2756***	***5291***	***6377***	***1398***	***583***	***50***	***138***	***17154***

Situación laboral da muller.-

As mulleres asalariadas supoñen case o 34 % do total das IVEs nestes anos. As mulleres nas que consta como profesión a de ama da casa tamén están preto do 34%. Parece que as cifras tenden a estabilizarse nos últimos anos. O seguinte grupo sería das estudiantes, cun 15 % mantendo unha tendencia lixeiramente ascendente.

En relación coa **situación laboral do membro da parella que sostén esta**, como mostra o gráfico 5, na grande maioría é un asalariado, cunha tendencia ascendente ó longo dos anos, situándose este grupo á cabeza a partir do ano 1989 e con moita diferencia en relación co resto , que se manteñen máis ou menos estables . No total dos IVEs, un 60% dos casos dáse en familias onde o membro sustentador é un asalariado.

TÁBOA 5.- IVEs segundo a situación laboral das mulleres.

	Profesional empreg.	Profesional non empreg.	Asalar.	Pensionista	Estud.	Parada	S.L.	Outras	N.C.	total
1986			1	1	1		1			**4**
1987	123	2	95	51	1	19	146	6	7	**450**
1988	255	5	171	62	5	45	249	12	20	**824**
1989	386	3	153	65	7	74	333	8	11	**1040**
1990	17	54	416	7	167	77	587	60	6	**1391**
1991	23	52	667	7	313	93	710	59	6	**1930**
1992	17	55	838	11	373	116	777	44	0	**2231**
1993	27	51	730	9	347	118	682	39	8	**2011**
1994	23	49	854	11	394	184	772	16	8	**2311**
1995	26	42	912	12	450	230	718	24	0	**2414**
1996	27	47	927	12	496	215	784	39	1	**2548**
total	**924**	**360**	**5764**	**248**	**2554**	**1171**	**5759**	**307**	**67**	**1715**

GRÁFICO 3.- Evolución segundo a profesión do sustentador do núcleo familiar (escala logarítmica).



TÁBOA 6.- IVEs segundo o tamaño da povoación onde vive a muller.

	<10.001 habitantes	10.001-50.000 habitantes	50.001-500.000 habitantes	non consta	TOTAL
antes 1993	0	0	0	7870	**7870**
1993	297	537	979	198	**2011**
1994	0	0	0	2311	**2311**
1995	347	643	1306	118	**2414**
1996	378	667	1425	78	**2548**
TOTAL	***1022***	***1847***	***3710***	***10575***	***17154***

Lugar de residencia da muller.- Só se dispón de datos do tamaño da poboación onde reside a muller a partir de 1993 xa que antes desta data non se rexistraba esta variable.

Número de fillos.- Como dato global destes 11 anos, o 40,87% das mulleres non tiñan ningún fillo, o 23,57% tiñan dous, un 19,58% só un, seguidas a distancia polas mulleres con tres fillos cun 10,38%. Durante todo este período, as mulleres sen fillos foron o grupo no que se realizaron máis interrupcións voluntarias do embarazo e cunha tendencia ascendente.

Número de abortos previos.- Practicamente o 85% das mulleres non tiveron abortos voluntarios antes do rexistrado. Preto do 12% xa tiñan un aborto con anterioridade, e o resto máis de un.

TÁBOA 7.- Nº de mulleres segundo o nº de fillos vivos que teñen.

	Ningún	Un	Dous	Tres	Catro	>5	Non consta	TOTAL
1986	1	1	0	0	0	0	2	4
1987	212	83	78	46	17	10	4	450
1988	351	149	195	69	25	18	17	824
1989	335	178	269	103	52	20	83	1040
1990	419	249	383	207	81	49	3	1391
1991	739	363	512	217	67	32	0	1930
1992	879	437	541	254	81	39	0	2231
1993	805	406	466	239	71	22	2	2011
1994	988	474	506	233	72	36	2	2311
1995	1132	491	505	198	60	27	1	2414
1996	1149	528	592	216	46	16	1	2548
Total	***7010***	***3359***	***4047***	***1782***	***572***	***269***	***115***	***17154***

TÁBOA 8.- Mulleres segundo o nº de abortos voluntarios previos.

	Ningún	1	2	3	4	5 e máis	Non consta	TOTAL
1986	3	0	0	0	0	0	1	4
1987	385	57	3	0	0	0	5	450
1988	693	103	8	2	0	0	18	824
1989	825	123	15	4	0	1	72	1040
1990	1205	142	19	5	0	0	20	1391
1991	1676	207	15	7	2	0	23	1930
1992	1929	258	30	5	2	2	5	2231
1993	1705	252	38	8	2	2	4	2011
1994	1945	310	40	10	3	0	3	2311
1995	2065	272	64	10	1	0	2	2414
1996	2128	329	63	9	6	1	12	2548
Total	***14559***	***2053***	***295***	***60***	***16***	***6***	***166***	***17154***

Tempo de xestación.- O 59,29% dos embarazos interrompidos durante estes anos tiñan un tempo de xestación inferior ás 9 semanas, sendo o grupo máis frecuente, con diferencia, en tódolos anos agás no 88 en que o foron os embarazos entre 9 e 12 semanas. Nos últimos anos as porcentaxes correspondentes ós de menos de 9 semanas foron, en relación cos totais dos respectivos anos, os seguintes: 61,48 % en 1994, 64,41% en 1995 e 60,83% en 1996.

O seguinte grupo máis frecuente foi entre 9-12 semanas de xestación, cun 28,79 % do total . Nos últimos tres anos, as porcentaxes para cada ano foron : 27,26% en 1994, 24,48% en 1995 e 26,21% en 1996.

Método da interrupción do embarazo.- Nos últimos anos o método máis utilizado é o da "aspiración", mentres que nos primeiros anos o máis frecuente foi a dilatación cervical.

Motivo da interrupción do embarazo.- Ó igual que no resto do estado, a saúde psico-física da nai constitúe máis do 97% dos motivos da intervención, tendo un papel residual os demais supostos legais.

TÁBOA 9.- Frecuencias segundo as semanas de xestación.

	< 9	9-12	13-16	17-20	> 20	Non consta	TOTAL
1986	1	3	0	0	0	0	**4**
1987	239	183	19	2	1	6	**450**
1988	347	385	69	15	6	2	**824**
1989	502	375	120	33	10	0	**1040**
1990	780	414	124	63	0	10	**1391**
1991	1122	604	139	59	0	6	**1930**
1992	1416	544	151	73	0	47	**2231**
1993	1239	542	142	79	0	9	**2011**
1994	1421	630	150	78	27	5	**2311**
1995	1555	591	169	69	30	0	**2414**
1996	1550	668	217	76	35	2	**2548**
Total	***10172***	***4939***	***1300***	***547***	***109***	***87***	***17154***

2.- Taxas de abortividade e relación coa natalidade

Taxa de abortividade en mulleres residentes en Galicia.- A táboa 12 mostra as taxas de abortos legais por grupos de idade nos anos dos que se dispón de información. Para o cálculo das taxas empregouse como denominador o número de mulleres desas idades e para cada ano (ver anexo) segundo datos de proxección da poboación do IGE. Para o numerador, o número de mulleres ás que se lles practicou un aborto legal segundo a idade e o ano en que foi realizado. A última columna da táboa mostra as taxas de abortividade en mulleres en idade fértil (15-45 anos).

GRÁFICO 8.- Taxas de abortividade segundo a idade da muller e ano de intervención.



Taxas de natalidade vs. idade da nai e ano.- Coa excepción do grupo 30-39 anos, observa un acusado descenso das taxas de natalidade no período de estudio (táboa 13).

GRÁFICO 9.- Taxas de natalidade vs. idade da nai.



Taxas de abortividade e natalidade en mulleres en idade fértil. Razóns entre elas.- Mentras a taxa de natalidade en mulleres en idade fértil descende de cada ano, ocorre o contrario ca de abortividade. As razóns entre ambalasdúas taxas pódense observar na táboa 14 e gráfico 10, salientando que a taxa de abortividade acada o 14 % da de natalidade no último ano estudiado.

TÁBOA 12.- Taxa de abortividade x 1000 mulleres en idade fértil segundo a idade da muller.

	< 15	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	> 44	T.A.M.E.F
1986	0,009		0,029						**0,0054**
1987	0,009	0,566	1,178	1,104	0,8497	0,606	0,38	0,038	**0,7915**
1988	0,028	0,974	2,3	1,744	1,656	1,23	0,601	0,088	**1,4357**
1989	0,018	1,191	2,061	2,655	1,953	1,734	1,125	0,211	**1,7915**
1990	0,009	1,250	2,575	2,371	3,026	3,245	2,064	0,283	**2,3882**
1991	0,029	2,111	4,352	4,101	3,685	3,583	2,018	0,291	**3,3121**
1992	0,051	2,946	4,693	4,330	4,356	3,989	2,407	0,349	**3,8045**
1993	0,032	2,562	4,294	4,077	3,704	3,431	2,32	0,275	**3,4196**
1994	0,045	2,918	5,036	4,586	4,346	4,155	2,258	0,237	**3,9189**
1995	0,085	3,011	5,475	5,101	4,300	3,981	2,265	0,177	**4,0765**
1996	0,039	3,611	5,516	4,796	4,654	4,421	2,294	0,281	**4,2723**

TÁBOA 13.- Taxas de natalidade vs. idade da nai.

	< 15	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	> 44
1986	0,0654	24,1720	80,2580	84,6578	54,4540	23,6568	6,7793	0,6927
1987	0,0468	22,6397	75,3105	84,5953	55,6651	23,7948	7,0710	0,4499
1988	0,0939	20,9073	71,2706	80,6693	53,5172	21,8391	5,8646	0,5188
1989	0,0660	17,4690	66,1860	79,8880	54,0661	20,5544	5,1942	0,3615
1990	0,0947	15,4104	60,7939	77,1509	53,0575	20,1815	4,5585	0,6144
1991	0,0667	13,6591	55,1665	77,8503	53,2551	20,7143	4,5342	0,3878
1992	0,0809	12,7299	50,5389	75,6703	56,5859	20,9691	4,1891	0,3491
1993	0,1181	12,2542	45,9961	74,6041	56,9213	21,9752	3,9030	0,2392
1994	0,0342	9,6325	37,2946	67,6000	57,2309	21,6852	3,8485	0,1544
1995	0,0726	8,1817	32,4943	63,1878	56,7919	22,4311	3,8057	0,2832
1996	0,0385	7,9852	30,3326	59,8240	58,0878	23,5380	3,4876	0,2461

TÁBOA 14.- Taxas de abortividade e natalidade en mulleres en idade fértil. Razóns entre elas.

	T.A.M.E.F	T.N.M.E.F.	tamef / tnmef	tnmef / tamef
1986	0,0054	46,6752	0,00	-
1987	0,7915	45,7559	0,02	57,81
1988	1,4357	43,2236	0,03	30,11
1989	1,7915	41,3317	0,04	23,07
1990	2,3882	39,2060	0,06	16,42
1991	3,3121	38,0955	0,09	11,50
1992	3,8045	37,3977	0,10	9,83
1993	3,4196	36,6129	0,09	10,71
1994	3,9189	33,4982	0,12	8,55
1995	4,0765	31,7748	0,13	7,79
1996	4,2723	31,2278	0,14	7,31

GRÁFICO 10.- Taxas de abortividade e natalidade.



Razón entre taxas de abortividade e natalidade vs. a idade da muller.- Ó estudia-la evolución anual da razón de abortividade / natalidade, o coeficiente de Spearman e a Tau de Kendall máis elevados aparecen no grupo de 20-24 anos de idade. A nivel global estes resultaron 0,991 e 0,964 respectivamente. No modelo autorregresivo as taxas acumulativas de crecemento anual móstranse na táboa 15. No grupo de idade de menores de 15 anos non foi posible axustar un modelo autorregresivo. A taxa acumulativa global resultou do 12,57%. No último ano estudiado producíronse 45 abortos por cada 100 nacidos vivos no grupo de 15-19 anos, 18 no de 20-24, 8 no de 25-29 e 30-34, 18 no de 35-39, 65 no de 40-44 e 114 abortos por cada 100 nacidos vivos no grupo de maiores de 44 anos (táboa 15 e gráfico 7).

TÁBOA 15.- Razón entre taxas de abortividade e natalidade vs. a idade da muller

	< 15	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	> 44	Global
1986	0,1376	0,0000	0,0004	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	
1987	0,1922	0,0250	0,0156	0,0131	0,0153	0,0255	0,0537	0,0845	
1988	0,2981	0,0466	0,0323	0,0216	0,0309	0,0563	0,1025	0,1696	
1989	0,2728	0,0682	0,0311	0,0332	0,0361	0,0844	0,2166	0,5837	
1990	0,1000	0,0811	0,0424	0,0307	0,0570	0,1608	0,4527	0,4600	
1991	0,4286	0,1545	0,0789	0,0527	0,0692	0,1730	0,4450	0,7500	
1992	0,6250	0,2314	0,0929	0,0572	0,0770	0,1902	0,5746	1,0000	
1993	0,2710	0,2091	0,0934	0,0546	0,0651	0,1561	0,5944	1,1497	
1994	1,3161	0,3029	0,1350	0,0678	0,0759	0,1916	0,5867	1,5347	
1995	1,1667	0,3680	0,1685	0,0807	0,0757	0,1775	0,5952	0,6250	
1996	1,0000	0,4522	0,1818	0,0802	0,0801	0,1878	0,6579	1,1429	
ρ Spearman	**0.755**	**0.991**	**0.991**	**0.973**	**0.918**	**0.855**	**0.982**	**0.855**	**0.991**
π de Kendall	**0.564**	**0.964**	**0.964**	**0.891**	**0.818**	**0.745**	**0.927**	**0.745**	**0.964**
Taxas acumulativas de crecemento anual	**non procede**	**23.57 %**	**18.77 %**	**11.37 %**	**7.75 %**	**6.11 %**	**9.15 %**	**26.45 %**	**12.57 %**

GRÁFICO 7.- Modelo autorregresivo de razóns de abortividade / natalidade



X_t: serie anual razóns de abortividade/natalidade

Conclusións.- É preciso considerar que este estudio se realizou sobre as IVE rexistradas, sen dispoñer de ningún indicador de exhaustividade do sistema de información de IVE.

As taxas de abortividade rexistrada en Galicia presentan un forte incremento na última década. Ó analizalas por idade da muller, este incremento é máis acusado nas menores de 20 anos o que, a pesar de que se acompaña dun forte descenso da natalidade (sobre todo a expensas das menores de 30 anos), suxire a hipótese de deficiencias na información sobre sexualidade dos adolescentes e adultos novos

ANEXO

Poboación de mulleres residentes en Galicia e por grupos de idade. Instituto Galego de Estatística.

	< 15	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	> 44	Total
1986	106984	105039	100152	96766	86495	87628	83489	76514	743067
1987	106787	105920	100982	96873	88260	87330	84147	77794	748093
1988	106481	106709	101725	96877	89971	86954	84746	79033	752496
1989	106074	107390	102363	96773	91610	86502	85288	80225	756225
1990	105566	107979	102905	96577	93182	85970	85774	81375	759328
1991	104999	108499	103396	96313	94714	85400	86234	82517	762072
1992	98895	106914	104197	97687	95271	86985	86415	83063	759427
1993	93150	105352	105009	99083	95834	88600	86601	83617	757246
1994	87742	103815	105833	100503	96399	90246	86787	84183	755508
1995	82653	102301	106665	101950	96968	91926	86975	84759	754197
1996	77861	100811	107508	103420	97542	93636	87167	85346	753291

No grupo menores de 15 anos inclúese o grupo de idade : 10-14 anos
No grupo maiores de 44 anos inclúese o grupo de idade : 44-49 anos